



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RELACIÓN COMPLEMENTARIA E BOLSA DE EMPREGO, PROCESO SELECTIVO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

DATA DE PUBLICACIÓN: 19/06/2026

De conformidade coas bases que rexen o procedemento de selección, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 356/2026, referida ao proceso selectivo procedemento selectivo para a cobertura en propiedade por oposición, en quenda libre, dunha praza vacante de arquitecto/a técnico/a, persoal funcionario de carreira, praza incluída na oferta de emprego público do concello de Malpica de Bergantiños do ano 2023 (OEP 2023), que en extracto di:

“.../

Terceiro.- De conformidade co previsto nas bases que rexen o procedemento de selección, base 8ª e base 10ª, e a proposta realizada polo Tribunal Cualificador, aprobar a relación complementaria e bolsa de emprego, quedando integradas ambas exclusivamente por D. RUBÉN JOSÉ MÚÑIZ FERNÁNDEZ, con DNI ***0615**.

Cuarto.- De conformidade co previsto nas bases que rexen o procedemento de selección publicar os correspondente anuncios no Boletín Oficial da Provincia e/ou no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

.../

Sexto.- Contra a presente que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, contando desde o seguinte á publicación da presente, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso potestativo de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia de A Coruña (sección do contencioso-administrativo) no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que se entenda desestimado por silencio administrativo, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Tribunal de Instancia correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da presente.

Os prazos fixados por meses concluirán o mesmo día no que se produciu a notificación ou o silencio administrativo.

En canto a competencia territorial do Tribunal de Instancia se estará ao establecido no



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa e a Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público da Xustiza.

Así mesmo, poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
Malpica de Bergantiños, a asinado dixitalmente

O alcalde

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga